



Circular nº7 2016/17

Amigo invisible

Prezadas familias:

As consecuencias sociais e ambientais do consumismo están á vista de quen as queira ver. Case todos os procesos de destrución ambiental comparten unha mesma causa: o **consumo excesivo e irresponsable**.

É por isto que queremos pedir a vosa colaboración participando no xogo do **amigo invisible**. O único requisito é que non se pode comprar nada, hai que **reutilizar** para facerlle o obsequio ao compañeiro/a de clase que nos toque en sorte. Ademais de compartir a actividade cos vosos fillos/a poñeredes a proba o voso enxeño. Será un fantástico reto e o planeta o agradecerá.

Na web do centro pódense ver algúns enlaces para estimular a vosa creatividade.

Os agasallos serán entregados aos titores/as dende o **mércores 7**, e con data límite o **luns 19 de decembro**. Os agasallos serán envoltos con papel de xornal e virán sen o nome a quen vai dirixido que se lle colocará no centro.

Sen vós non sería posible. Grazas anticipadas pola vosa colaboración.

Por outro lado, queremos animarvos a participar na **recollida solidaria de xoguetes**.

Sigüeiro, 2 de decembro de 2016

Un saúdo



O meu amigo/a invisible e: